

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

Orde ITC/798/2010, do 22 de marzo, por que se efectúa a convocatoria correspondente a 2010 das subvencións establecidas para o apoio a agrupacións empresariais innovadoras.

Realízase para o ano 2010 a convocatoria de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas mediante o apoio ás agrupacións empresariais innovadoras.

As actuacións e tipos de proxectos obxecto de axuda na presente convocatoria serán os establecidos nos puntos b), c) e d) do apartado noveno da Orde ITC/1843/2009, do 3 de xullo (BOE do 9 de xullo de 2009).

Con carácter xeral as axudas non poderán superar o importe máximo total de axuda de mínimos, actualmente establecido en 200.000 euros, 100.000 euros no caso de empresas que operen no sector do transporte por estrada, durante un período de tres exercicios fiscais para unha mesma empresa, nin individualmente non como resultado da acumulación con outras axudas de mínimos concedidas á mesma empresa, conforme establece o Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos.

O beneficiario recibirá o aboamento anticipado da subvención concedida con anterioridade á xustificación da realización do proxecto, sen que sexa necesaria a constitución de garantías por parte do mesmo.

Solicitudes e prazo de presentación: ata o 30 de abril de 2010.